

NON POR NOME , INCLUILO EN SOBRE PECHADO ADXUNTO

INSTRUCCIÓN PARA CUMPRIMENTA-LO TEST

1. Ao obxecto de garanti-lo anonimato **eliminaránse os exames** que conteñan calisquera dato (nome e apelido, sinatura...etc) que permita a identificación do/a aspirante.
2. O tempo de realización é de **60 minutos**.
3. Sinalar a opción que estime correcta entre as que se propoñen (**somentes unha**) cunha cruz á esquerda da pregunta.
4. Se despois de marcar unha resposta e antes de remata-lo exercicio decide cambia-la **deberá marcar claramente a opción definitiva** xa que, caso de dúbida, considerárase contestada erróneamente.
5. Para supera-lo exercicio deberá acadar un mínimo de **5 puntos**.
6. As calificacións publicaránse **na páxina web e no taboleiro de anuncios** do Concello.

TEST AUXILIAR POLICÍA LOCAL DE DATA 18 DE XUÑO DE 2018

1º.- Segundo o establecido no artigo 21.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (en diante, LBRL) o Alcalde ostenta a seguinte atribución

- a) Ditar bandos.
- b) **Dirixir, inspeccionar e impulsar os servizos e obras municipais.**
- c) Exercer a xefatura da Policía Municipal.
- d) Ordear a publicación, execución e facer cumprir os acordos do Concello.

2º.- ¿En qué municipios existe a Comisión Especial de Contas? (Art. 20.1.e LBRL)

- a) **En todos os municipios.**
- b) Nos de ata 5000 habitantes.
- c) Nos de 5001 ata 20000 habitantes.
- d) Nos de máis de 20000 habitantes

3º.- Conforme ao artigo 26 da LBRL, todos os municipios deben prestar os seguintes servizos:

- a) **Iluminación pública, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, rede de sumidoiros, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.**
- b) Iluminación pública, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, mercado, rede de sumidoiros, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.
- c) Iluminación pública, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria,

NÚMERO ASIGNADO: _____

abastecemento domiciliario de auga potable, rede de sumidoiros, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas extinción de incendios.

d) Transporte colectivo urbano de viaxeiros e medio ambiente urbano.

4º.- Conforme o artigo 26 da LBRL, os municipios con poboación superior a 5.000 habitantes deben prestar os seguintes servizos:

a) parque público, biblioteca pública e pavimentación de camiños.

b) parque público, biblioteca pública e tratamento de residuos.

c) parque público, biblioteca pública e protección civil.

d) Ningunha das anteriores é correcta.

5º.- Conforme ao artigo nº 3 da LBRL, o municipio ten o carácter de:

a) Administración pública.

b) Sector público institucional.

c) Ente dependente da Administración Central

d) Entidade Local territorial

6º.- Conforme ao artigo 78 da lei 13/2010 do comercio interior de Galicia, a quen corresponden as competencias sancionadoras relacionadas coa venda ambulante?

a) Á xunta de Galicia

b) Ao Estado

c) Aos Concellos

d) Todas as respostas anteriores son correctas.

7º.- As ordenanzas locais, aprobadas inicialmente polo Pleno, requiren información pública e audiencia aos interesados para a presentación de reclamacións e suxerencias por un prazo de

a) Mínimo de 30 días.

b) Máximo de 30 días.

c) Máximo de 20 días.

d) Todas son incorrectas.

8º.- Contra as Ordenanzas Fiscais das Entidades Locais, poderase interpor:

a) Recurso de reposición.

b) Recurso contencioso-administrativo

c) Recurso de revisión.

d) Recurso extraordinario de revisión.

9º.- Cal é o Decreto da Xunta de Galicia polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos:

a) 145/2016, de 22 de setembro

b) 144/2016, de 22 de setembro

c) 144/2017, de 22 de setembro

d) 143/2017, de 22 de setembro

10º.- A Xunta de Goberno Local existe (art. 20 LBRL)

- a) En todos os Concellos
- b) **Obrigatoriamente en todos os municipios que contén con máis de 5.000 habitantes.**
- c) Obrigatoriamente en todos os municipios que contén con menos de 5.000 habitantes.
- d) Obrigatoriamente en todos os municipios que contén con menos de 500 habitantes.

11º.- Non é competencia do Alcalde (art. 21 LBRL)

- a) Representar ao Concello.
- b) Aprobar a oferta de emprego público.
- c) **A declaración de lesividade dos actos do Concello.**
- d) A Xefatura da Policía Local.

12º.- O Goberno e Administración Municipal corresponde aos Concellos, pero por que elementos están integrados nos municipios con poboación superior a 5000 habitantes? (art. 20.1 LBRL)

- a) O Pleno e o Alcalde.
- b) O Pleno, o Alcalde e os Tenentes de Alcalde.
- c) **O Pleno, o Alcalde, os Tenentes de Alcalde e a Xunta de Goberno Local.**
- d) O Pleno, o Alcalde, os Tenentes de Alcalde e a Xunta Local de Seguridade.

13º.- Cales dos seguintes actos urbanísticos están suxeitos a licenza municipal? (art. 142 dá Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do só de Galicia)

- a) **Todas as seguintes.**
- b) As demolicións, salvo as derivadas de resolución de expedientes de restauración dá legalidade urbanística.
- c) Os grandes movementos de terras e as chairas.
- d) A 1ª ocupación dos edificios.

14º.- Para exercer a venda ambulante é necesario estar en posesión de (art. 72 da Lei 13/2010 de 17 de decembro, do comercio interior de Galicia)

- a) Autorización da cámara de comercio
- b) **Licenza municipal**
- c) Licenza da respectiva Comunidade Autónoma onde se exerza.
- d) Autorización da Policía Local.

15º.- ¿ Qué dato non é necesario ter exposto de forma visible ao público, cando se exerce o comercio ambulante?

- a) Datos personais.
- b) Documento de autorización municipal.
- c) Dirección para a recepción de reclamacións.
- d) **Todos son datos que deben ser expostos.**

16º.- Segundo o art. 11.2 de LBRL son elementos do Municipio...

- a) O territorio, a poboación e a organización.
- b) O pleno, o alcalde e o presidente da deputación provincial correspondente.
- c) O pleno, o alcalde e a Xunta de goberno local.
- d) Das opcións anteriores, ningunha é correcta.

17º.- Segundo o Artigo 30 da Lei de Coordinación de Policía Local de Galicia, cal é o número mínimo de efectivos con que contarán os Corpos de Policía Local?

- a) Dous Policía.
- b) Un Oficial.
- c) Dous Policía e un Oficial.
- d) Tres Policía e un Oficia

18º.- O obxecto da lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, conforme ao seu artigo 1 é:

- a) Regular a coordinación das Policía Locais no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo da súa dependencia das autoridades municipais, de conformidade co disposto na lei orgánica de forzas e corpos de seguridade, e con pleno respecto ao principio de autonomía municipal.
- b) Regular a coordinación das policía locais e as demais forzas e corpos de seguridade.
- c) Regular a coordinación das policía locais, garda civil e policía nacional.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

19º.- Conforme o artigo 11.1 da Lei 4/2007, son medios técnicos:

- a) O uniforme e a arma exclusivamente.
- b) Os dispositivos informáticos con que a policía local conta para realizar as súas tarefas exclusivamente.
- c) Os elementos, aparellos e sistemas que os corpos de policía local utilizan para poder cumprir coas súas obrigacións. As administracións locais competentes teñen obrigación de proporcionarllelos. Estes medios técnicos serán homoxéneos para todos os corpos, segundo se estableza regulamentariamente.
- d) Todas as respostas anteriores son falsas.

20º.- De acordo co previsto no artigo 104 do Real Decreto Legislativo 6/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viario (en diante, RDL 6/2015), cando un vehículo careza de autorización administrativa para circular, os axentes da autoridade encargadas da vixilancia do tráfico poderán proceder a

- a) Retirar o vehículo da vía.
- b) Inmovilizar o vehículo
- c) Ordenar o traslado do vehículo ao Depósito Municipal.
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

21º.- Que artigo do Código penal recolle a negativa para someterse ás probas de detección alcohólica?

- a) **Artigo 383.**
- b) Artigo 381.
- c) Artigo 379.
- d) Artigo 385.

22º.- Segundo o artigo 95 da Lei de Coordinación de Policía Local de Galicia os auxiliares de Policía Local desempeñarán as seguintes funcións

- a) Instrución das causas por delitos cometidos no termo municipal.
- b) **Apoio e auxilio aos membros do corpo de Policía local no marco do disposto na lexislación de corpos e forzas de seguridade.**
- c) Autorizar a instalación de sinais fixas de tráfico nas vías de titularidade municipal.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

23º.- De acordo có art. 90 do RDL 6/2015, a efectos de notificación das denuncias que non se entreguen no acto, se efectuarán no domicilio que:

- a) **exprese o interesado.**
- b) figure no rexistro de Condutores e Infractores.
- c) figure no permiso de condución.
- d) figure no permiso de circulación

24º.- De acordo co artigo 19 do Código penal, cal é a idade a partir da cal as persoas son responsables criminalmente?

- a) 14 anos
- b) 16 anos
- c) **18 anos**
- d) 21 anos.

25º.- Segundo o articulo 47 de RDL 6/2015, os condutores, menores de dezaseis anos, de bicicletas e ciclos en xeral, estarán obrigados a utilizar o casco de protección?, en que vías?

- a) Urbanas.
- b) Interurbanas.
- c) Travesías.
- d) **Todas as respostas anteriores.**

26º.- En que norma legal se atopan tipificados os delitos contra seguridade viaria?

- a) Na Lei de Tráfico e Seguridade Viaria
- b) No Regulamento Xeral de Circulación.
- c) Na Lei Orgánica de Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.
- d) **No Código penal.**

27º.- O artigo 39 do RDL 6/2015, establece

- a) A parada ou o estacionamento dun vehículo en vías interurbanas deberá efectuarse sempre na calzada, no lado esquerdo da mesma e deixando libre

a parte transitable da beiravía.

b) A parada ou o estacionamento dun vehículo en vías interurbanas deberá efectuarse sempre fóra da calzada, no lado dereito da mesma e deixando libre a parte transitable da beiravía.

c) Ningunha é correcta.

d) A parada ou o estacionamento dun vehículo en vías interurbanas deberá efectuarse sempre na calzada deixando libre a parte transitable da beiravía.

28º.- Que infracción cometerá quen conduza un vehículo a motor con temeridade manifesta e poña en concreto en perigo a vida das persoas?

a) Unha infracción penal

b) Unha infracción administrativa.

c) Unha falta penal.

d) Unha infracción civil.

29º.- Segundo art. 93.1 do RDL 6/2015, de cantos días dispón o denunciado para realizar o pago voluntario con redución da sanción ou multa?

a) Vinte días naturais.

b) Vinte días hábiles.

c) Quince días naturais.

d) Quince días hábiles

30º.- O permiso de circulación de vehículo haberá de renovarse (art. 66.2 RDL 6/2015)

a) En ningún momento

b) Cando se lle dea baixa.

c) Cada ano.

d) Cando varíe a titularidade rexistral deste.

31º.- Indique dos seguintes vehículos, cal pode circular polas autovías:

a) Vehículos de tracción animal.

b) Ciclomotores

c) Bicicletas, sempre que sexan utilizadas por unha persoa de polo menos 13 anos de idade.

d) Motocicletas sen sidecar.

32º.- Segundo o artigo 76 do RDL 6/2015, cal das seguintes é unha infracción grave?

a) Circular cun vehículo cuxo permiso de circulación está suspendido.

b) Non instalar a sinalización de obras ou non facelo incumprindo a normativa vixente, poñendo en grave risco a seguridade vial.

c) Circular en sentido contrario ao establecido.

d) Realizar na vía obras sen a autorización correspondente, así como a retirada, ocultación, alteración ou deterioro da sinalización permanente ou ocasional.

33º.- Segundo artigo 35.4 do RDL 6/2015, cando se adianta a un



ciclo ou ciclomotor, ou conxunto deles, deberase deixar unha anchura de seguridade de cantos metros?

- a) 15 metros.
- b) 2 metros.
- c) 1,5 metros.
- d) 2,5 metros.

34º.- De acordo co previsto no artigo 75 do RDL 6/2015, circular nunha bicicleta sen facer uso do alumeado regulamentario é

- a) Infracción grave
- b) Infracción leve
- c) Non é unha infracción
- d) Infracción moi grave

35º.- O ámbito de aplicación da Lei sobre Tráfico, circulación e Vehículos a Motor e Seguridade Viaria será...

- a) Soamente en vías urbanas e interurbanas.
- b) Soamente en terreos públicos aptos para a circulación.
- c) En terreos privados utilizados por unha colectividade determinada de usuarios.
- d) Todo o territorio nacional, vías e terreos de titularidade pública ou privados, aptos para a circulación e utilizados por unha colectividade indeterminada de usuarios.

36º.- Nunha denuncia de tráfico por feitos da circulación polas vías públicas, que datos deberán constar? (art. 87 do RDL 6/2015)

- a) A identificación do vehículo co que se cometeu a suposta infracción.
- b) A identidade do denunciado, se fose coñecida.
- c) Unha descrición sucinta do feito, con expresión do lugar ou tramo, data e hora.
- d) Todas as anteriores.

37º.- Na escala executiva o pase á segunda actividade por idade terá lugar ao cumprirse os (art. 64 Lei 4/2007)

- a) 56 anos
- b) 62 anos
- c) 60 anos
- d) Tódalas respostas anteriores son erróneas.

38º.- En cal dos seguintes lugares está permitido realizar a manobra de cambio de sentido? (art. 31 do RDL 6/2015)

- a) Nos túneles.
- b) En xeral, nos tramos de vía onde estea permitido o adiantamento.
- c) Nas autovías.
- d) Nos pasos a nivel.

39º.- Segundo o art. 158 do Regulamento Xeral de Circulación as sinais de indicación poden ser

- a) Sinais de indicación xerais
- b) Sinais de servizos

- c) Sinais de orientación
- d) Todas as respostas son válidas

40º.- Segundo o Regulamento Xeral de circulación, queda prohibido parar en:

- a) Nos pasos a nivel.
- b) Nos pasos para ciclistas.
- c) Nos pasos de peóns.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

41º.- Os delitos contra a seguridade vial, veñen recollidos nos artigos:

- a) 380 a 385 do Código Penal
- b) 380 a 383 do Código Penal
- c) 379 a 385 do Código Penal
- d) 379 a 383 do Código Penal

42º.- As sesións plenarias convocaranse cun mínimo de dous días hábiles de antelación a súa celebración -art. 80.4 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais:

- a) Sempre
- b) Sólo para as sesións de carácter ordinaria e extraordinaria
- c) Sólo para as sesións de carácter extraordinaria urxente
- d) Todas son correctas

43º.- Segundo o artigo 96 da Lei 4/2007 a uniformidade dos auxiliares da policía local terá a seguinte particularidade:

- a) Non levarán placa-emblema ni distintivo algún nas hombreira e farán constar a súa condición coa lenda de «Auxiliar de policía local»..
- b) Levarán placa-emblema ni distintivo algún nas hombreira e farán constar a súa condición coa lenda de «Auxiliar de policía local».
- c) Non levarán placa-emblema ni distintivo algún nas hombreira e non farán constar a súa condición.
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

44º.- Se os ocupantes dos asentos traseiros dun vehículo son menores de idade e de estatura igual ou inferior a 135 cm de altura, que dispositivos de seguridade deben utilizar?

- a) Un dispositivo de retención infantil adaptado a súa talla e peso
- b) O cinturón de seguridade que ven instalado no vehículo
- c) Obrigatoriamente un sistema de retención infantil soldado á carrocería do vehículo.
- d) a) e b) son correctas.

45º.- As infraccións moi graves en materia ambiental conforme a Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, prescribíran:

- a) Os 2 anos.
- b) Os 4 anos



- c) Os 5 anos.
- d) Non prescriben..

46ª.- O título preliminar do Regulamento Xeneral de Circulación, consta de:

- a) un único artigo
- b) dous artigos
- c) do artigo 1 ao 5
- d) non existe o título preliminar

47ª.-A sinal V-10 corresponde a

- a) Transporte escolar.
- b) Conductor novel.
- c) Distintivo de nacionalidade estranxeira.
- d) Ningunha resposta é correcta.

48º.- Cando se inmoviliza un vehículo por emerxencia, se fala de

- a) Estacionamento.
- b) Detención.
- c) Parada.
- d) Inmovilización a secas.

49º.- Si circula sen facer uso do alumeadado regulamentario (art. 75 a 77 do RDL 6/2015), estaríamos ante unha infracción

- a) Moi grave.
- b) Leve.
- c) Grave.
- d) Ningunha resposta é correcta

50º.- En base a que artigo do Regulamento Xeral de Circulación se denuncia un condutor que non faga uso do cinturón de seguridade homologado

- a) Art. 117.
- b) Art. 120.
- c) Art. 119.
- d) Art. 107.

PREGUNTAS DE RESERVA

R1º- Segundo o artigo 45 da Constitución Española producir danos ao medio ambiente, a que tipo de sancións pode dar lugar?

- a) A sancións penais
- b) A sancións administrativas
- c) Á obriga de reparar o dano
- d) Todas as respostas son certas

R2º.- As delegacións do Alcalde poden ser

- a) Ordinarias e extraordinarias
- b) Xenéricas e especiais



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

NÚMERO ASIGNADO: _____

- c) Ordinarias e xenéricas
- d) Especiais e ordinarias

R3º.- Que artigo da Constitución Española garante a autonomía dos municipios?

- a) Artigo 141.
- b) **Artigo 140.**
- c) Artigo 142.
- d) Artigo 150